



As ideas e a palabra

Rolda de **Rebeldía**

Hotel Compostela, 30.XAN.010

Falamos?

XEIRA DA PROCURA ★

De 9:30 a 11:30 horas

É o modelo de partido clásico inoperante? Cómpre construímos ese novo referente? suxeito político? social?
E se así é, de que modelo organizativo debemos dotarnos? É o acceso ás institucións necesario?

Intervencións introdutorias: **Eduardo Rego, Xabier Macías, Xoán Hermida e Xavier Ron**
Modera: Imanol Dorca

XEIRA DA IRMANDADE ★

De 12:00 a 14:00 horas

Como crear as canles de comunicación, participación e irmandade entre a esquerda social e a esquerda política? Cales son as esixencias da cidadanía e dos movementos sociais no eido da súa relación coas organizacións políticas?

Intervencións introdutorias: **Xosé María García, Antón Gómez-Reino (Tone), Manuel Casal Lodeiro e Goretti Sanmartín**

Modera: Lara Domínguez

XEIRA PARTILLADA ★

De 18:30 a 21:00 horas

Persoeiros do campo político debatirán co público as achegas e propostas recolleitas nas tres primeiras xeiras.

Intervencións introdutorias: **Xosé Manuel Beiras, Carlos Morais, Carlos Aymerich e Mariano Abalo**

Rea Dianteira: **membros de formacións (Movemento pola Base, Causa Galiza, Esquerda Unida, PCPG...)**

Modera: Iria Otero

XEIRA DAS MIL VOCES ★

De 16:00 a 18:00 horas

Que mecanismos e accións debemos emprender para afondar na creación de masas críticas que esixan un cambio radical do noso modelo de sociedade partindo da realidade galega de hoxe?

Intervencións introdutorias: **Manuel Barreiro, Mónica Alzate, Luisa Ocampo e Xoán Carlos Carreira**

Modera: Manoel Santos

Por un cambio radical do modelo
de sociedade e unha outra Galiza posíbel

★ www.roladerebeldia.org

Rolda de Rebeldía 2009: As Ideas e a Palabra

Convite á Rolda de Rebeldía-. Na procura dun referente político e social para camiñarmos cara un cambio radical do modelo de sociedade e unha outra Galiza posíbel.

Estimados/as compañeiros/as,

Como moitas e moitos saberedes, desde o Encontro Irmandiño (EI) vimos de anunciar un decidido e necesario Vieiro co que, entre setembro de 2009 e abril de 2010, pretendemos iniciar un rebelde andar na procura de novos mecanismos, tanto organizativos coma de acción política e social, para camiñarmos cara un cambio radical deste modelo de sociedade que mudou nun nocivo sistema, profundamente insolidario, depredador, infrademocrático e extremadamente dominado polas elites político económicas e mediáticas, no que a soberanía popular ficou tan esquecida como desprezada.

No eido nacional, a inoperancia das forzas da esquerda política para dar resposta ás necesidades e requirimentos dunha esquerda social hogano orfa de pontes operativas cara ás instancias políticas fai necesaria a creación de novos referentes político sociais que, sempre desde abaixo, contribúan á xeración de masas críticas coas que contestar á guerra contra a democracia que o poder iniciou hai tempo. Demasiado tempo.

Para as xentes que orbitamos ao redor do EI a situación actual de menosprezo á Política e de perda de referentes ideolóxicos, tanto a nivel nacional coma internacional, ten que encadrarse por forza nunha lóxica do imperialismo capitalista que habilmente baleirou de contido as instancias políticas transformándose nuns instrumentos servís aos intereses do capital e do mercado. O sistema foi quen de converter os partidos en simples aparatos.

Para nós, estes aparatos políticos, nos que a participación da cidadanía non é máis que unha afastada lembranza, resultan totalmente inservíbeis para o pobo.

Cómpre, xa que logo, construímos novos referentes políticos, por canto pensamos que a organización e mobilización social, sempre imprescindible e que debe ser a base de toda acción da esquerda política, non abonda. Nesta procura, o EI entende que a esquerda política foi avantaxada en pensamento e acción por unha esquerda social heteroxénea cuxa axenda é antitética a esa ideoloxía ultraliberal que logrou a mutación da meirande parte da esquerda transformadora en socialdemocracia ou esquerda liberal.

Asemade, eses novos referentes político democráticos da sociedade civil máis activa e ideoloxizada do presente (tempo) e da Galiz (espazo) deben estar atentos aos movementos máis "conscientes" do panorama internacional para, deste xeito, participar na construción dunhas relacións internacionais xustas que non sigan a poñer en perigo a supervivencia da propia biosfera.

Daquela, esta deriva perversa suscita a necesidade de construímos pontes novas entre a cidadanía e a instancia política que vaian alén das xa utilizadas nos modelos clásicos de partidos e fronte. Non podemos repetir o modelo. As novas pontes terán que apousar os seus piares no tecido asociativo horizontal e diversificado da cidadanía, veiculizador e artellador dunha dinámica participativa, comprendendo que organización política e organización social deben estar ao mesmo nivel en diferentes esferas do poder social, así pois, rexeitando calquera intento de control ou de tratamento de minoría de idade dunha organización respecto da outra.

É por isto que, dentro do Vieiro anunciado polo EI, unha das pezas básicas é a Rolda de Rebeldía, coa que o EI pretende iniciar un proceso de busca dunha organización político social que transcenda o modelo clásico e que estea á altura das esixencias políticas da esquerda social do noso país. Queremos iniciar

este proceso con ideas e reflexións desa esquerda social para que nos axude á urxente concreción dos camiños a emprender.

A dita Rolda, que pretende reunir a meirande representación posíbel da esquerda política transformadora e da esquerda social galegas, acontecerá entre outubro e novembro deste ano e para ela chegamos tres propostas incógnitas fundamentais que esperamos enriquecer coas vosas achegas:

- 1 É o modelo de partido clásico inoperante? Cómpre construírmos ese novo referente suxeito político social? E se así é, de que modelo organizativo debemos dotarnos? É o acceso ás institucións necesario?**
- 2 Como crear as canles de comunicación, participación e irmandade entre a esquerda social e a esquerda política? Cales son as esixencias da cidadanía e dos movementos sociais no eido da súa relación coas organizacións políticas?**
- 3 Que mecanismos e accións debemos emprender para afondar na creación de masas críticas que esixan un cambio radical do noso modelo de sociedade partindo da realidade galega de hoxe?**

As xentes do EI aínda non temos respostas a estas preguntas, cando menos na súa totalidade, e pensamos que grande parte da esquerda política e social deste país tampouco. Velaí a necesidade desta Rolda de Rebeldía coa que o EI pretende ir dissipando a néboa, mais tamén animar a que outros, xa sexan confluente ou non coa meirande parte dos nosos principios, a disipen. O novo suxeito político non naceu, na esquerda temos que concibilo.

Do diálogo nace o entendemento e do entendemento os mecanismos para avanzarmos en obxectivos comúns. Sen límites, sen medo a experimentar, sen utilizacións e con atrevemento e sinceridade.

Invitámosvos por tanto a compartirmos este proceso do que daremos cumprida conta a medida que, coas vosas achegas e disposición a participar tanto na organización como no desenvolvemento deste importante debate político, se vaia definindo organizativamente.

Pretendemos que esta sexa unha primeira xanela para que entre a luz nesta profunda escuridade.

*Sen máis,
Recibide unha fonda aperta irmandiña
Encontro Irmandiño
Comisión da Rolda de Rebeldía*

ACHEGAS PREVIAS DOS/DAS PARTICIPANTES NAS MESAS

XEIRA DA PROCURA (9:30–11:30 horas)

- É o modelo de partido clásico inoperante?
- Cómpre construírmos ese novo referente suxeito político social?
- E se así é, de que modelo organizativo debemos dotarnos?
- É o acceso ás institucións necesario?

Eduardo Rego

En liña co artigo "*declive dos partidos políticos?*" que presentei a esta Rolda, expoño a miña opinión sobre as preguntas que facedes:

a) Séguese considerando aos partidos políticos importantes para a democracia e non se percibe que existan alternativas aos mesmos que poidan desempeñar as funcións de intermediación que viñeron desempeñando historicamente.

Existe, con todo, unha crecente desafección política que afecta a institucións diversas como o Parlamento e, en particular, cara aos propios partidos políticos e os políticos: Considéraselles como actores que non facilitan a participación dos cidadáns e que a súa organización presenta un déficit de democracia interna; acúsaselles de falta de transparencia e de non render contas os elixidos. O principal problema de deslaxitimación é que se lles vincula á corrupción (patronazgo e clientelismo).

As demandas van dirixidas a tres ámbitos:

- 1 Ao sistema electoral: maior representatividade e establecemento de mecanismos que permitan a rendición de contas, como podería ser o desbloqueo das listas electorais para que a elección dos candidatos non dependa exclusivamente dos aparellos dos partidos.
- 2 Desenvolvemento de mecanismos de participación social nas institucións baseadas na transparencia.
- 3 Mellorar a democracia interna: congresos e asembleas deliberativas, romper o solapamento entre cargos públicos e orgánicos, mecanismos democráticos de control e participación das bases que limiten a dependencia sobre as elites do partido para introducir cambios, etc.

Os partidos políticos, poden recuperar a súa lexitimidade e seguir desempeñando as súas funcións si transforman a súa estrutura organizativa, máis participativa, transparente e democrática e erradicar as malas prácticas que, doutra banda, atribúen en exclusiva, a outras institucións e organizacións. O que se predica para a sociedade debe exemplarizarse no comportamento interno da organización e na actuación dos seus cargos electos e no conxunto dos afiliados/as.

Non hai fórmulas preestablecidas e válidas universalmente. Debe ser un proceso dinámico, aprendendo da experiencia propia e allea, con avaliación dos resultados.

b) A participación e acceso ás institucións é, baixo o meu punto de vista, conveniente e necesario pola oportunidade que presenta para transformar ou cambiar a realidade. Pero non debe considerarse imprescindible en todas as circunstancias. A relación é moi complexa, pois, a miúdo ocorre á inversa, é a presenza nas institucións a que modifica, até o punto de facela irrecoñecible, as políticas que definira o partido.

Un dos problemas vinculado á crecente desafección é que os partidos se foron convertendo en partidos de cargos públicos que ao solaparse cos cargos orgánicos, desvincúlase da base de afiliados e das súas bases sociais que lle posibilitaron alcanzar o poder, destrúen o potencial transformador en aras de permanecer no poder, convértense en profesionais da política, intercambiando as bases sociais de apoio por outras utilizando os mecanismos clientelares que lles permite o desempeño dos cargos.

A presenza nas institucións debe exercerse naquelas circunstancias nas que o risco a que se vexa anulada a capacidade transformadora do partido estea controlado democraticamente, e a presenza nelas supoña, ademais, unha aprendizaxe para implementar as políticas.

Xavier Ron

FRONTE Á EXPLOTACIÓN CAPITALISTA, PRECISAMOS SUMAR, NON RESTAR

0. Paradoxo. Principiemos pola negación de nós mesmos. No imaxinario social prevalece triunfo da ideoloxía capitalista no imaxinario social: a) o supérfluo é necesidade; b) o suxeito é consumidor; c) acéptase o endebemento durante toda a vida laboral; d) aceptación e resignación, como "mal menor", a un salario baixo, ao aumento da xornada laboral, a un emprego inestable e flexible: á perda de dereitos conquistados anos atrás á patronal e ás clases dominantes; todo isto, e algunhas cousas máis, son mecanismos de domesticación (= ffl alienación de Marx).

1. Aceleradores da negación. A domesticación impregnou a acción da maior parte dos axentes, daqueles que gobernaron en nome da esquerda e só foron simples xestores ou mesmo aliados do capitalismo depredador, e daqueles que, abaixo, e desde a individualidade pensante e actuante, seguiron os pautados vitais sabendo que favorecen ao capitalismo.

- a) Permeabilizáronse ao discurso dominante e permitiron que os domesticadores secuestrasen palabras, conceptos, temas e o propio pensamento da esquerda.
- b) Aceptaron as regras do xogo da democracia burguesa, da democracia capitalista, meramente representativa e fondamente desmobilizadora. Aceptaron que existía un capitalismo democrático.
- c) Deixáronse capturar polo culto ao institucionalismo e seducir polos cantos de serea do poder, pola permanencia no mesmo a pesar de supoñer unha renuncia ao ideario que dicían defender.
- d) Divorciáronse da rúa e desapareceu o espazo de ninguén que debe caracterizar á Democracia con maiúsculas.
- e) Toleraron o desmantelamento do público e favoreceron o triunfo da privatización do patrimonio do pobo.
- f) En nome desa desvirtuada Democracia permiten o desbaldimento de recursos de todo tipo. Non existe control sobre a desfeita ecolóxica e, cando se fai, é para ver se é posible extraer rendibilidade económica.
- g) Permiten a vulneración dos dereitos humanos en nome da seguridade e da mesma rendibilidade económica.
- h) Acrecéntanse no mundo as desigualdades de todo tipo.
- i) Manipúlanse as consciencias. Non existe o dereito á información..controlado por oligarquías afíns aos partidos da democracia capitalista e aos seus seguidores. Triunfan así os mecanismos de domesticación. E quen se enfronta a todos eles é, sinxelamente, acumado radical, violento e, como non, terrorista.

2. Á procura da afirmación anticapitalista e socialista. No que vai de a) a i) temos responsabilidade todos e todas. Individuos e colectivos. Que ninguén pense que se libra. Os que máis, os partidos políticos, os elixidos para acceder ao centro da democracia capitalista. Mais tamén os sindicatos, que deben loitar contra a deriva imposicionista dos que se sentan nese centro. Pero tamén os movementos sociais que se converten en átomos...por personalismo colectivista? por envexa asociativa? por que? A esquerda partidaria e a esquerda social viven en átomos. Isto fragmenta o discurso da alternativa e fai mesmo que o propio sistema capitalista tolere a aparición dos fragmentos: non ameazan o seu reinado. Xuntemos os fragmentos e aplicacións para rachar a negación e loitar pola afirmación anticapitalista e socialista. Cómpre a suma, non a resta. A suma de todos os axentes negativizados (partidos, sindicatos e movementos) que queiran sentar as bases dun programa de acción concreto e unitario, que deseñe a alternativa anticapitalista, a transformación socialista desta sociedade.

Pero, antes de todo, cómpre que nos transformemos tamén nós mesmos para elimina os vicios que nos obstaculizan. Coherencia entre tese e praxe. Ao longo dos minutos que se nos conceden bosquexaremos algunhas das nosas perspectivas para reconstruímos entre todos e todas a esquerda, necesariamente anticapitalista, necesariamente socialista.

Xoán Hermida

E REALMENTE NECESARIO UN PARTIDO MÁIS OU UNHA NOVA ESTRATEXÍA DE CAMBIO?

Tocounos vivir nun tempo de transición deses nos que o novo non termina de nacer e o vello non acaba de morrer. Creo que esta sensación invade a toda a esquerda e ten reflexo mesmo na loxística deste encontro, nas achegas que se foron coñecendo e con toda seguridade tamén nos debates que aquí afloren.

A coincidencia da RdR co aniversario do nacemento de Castelao non deixa de ter unha carga simbólica necesaria, aínda que a hora de buscar referentes clásicos estou convencido de que a re-lectura crítica de dous libros coma o "Estado e a Revolución" e "O esquerdismo a enfermidade infantil do comunismo" axudaría moito en tempos de dúbidas e de zozobra política coma a que nos ten tocado vivir.

Fai agora algo máis de un ano celebrábase o 1º Foro Social Galego. Tres foron as sensacións que se puideron palpar naquel encontro:

- a madurez dun movemento asociativo, que a pesar das súas eivas, empezaba a plantexar a súa perspectiva política ao marxe dos partidos;
- o distanciamento cada vez maior entre a sociedade civil organizada e as forzas políticas;
- e a forte frustración co primeiro goberno progresista instalado en San Caetano

Con este malestar de fondo na propia base sociolóxica do bipartito non era de estrañar que catro meses despois as eleccións levaranse por diante o goberno formado pola socialdemocracia española e o nacionalismo reformista nun país tan bipolarizado coma o noso.

Entón porque estamos aquí?. Porque necesitamos recuperar a esperanza na política. Porque queremos reinventar a esquerda. Por ambas cousas á vez...

...ou, desde o meu punto de vista, o máis importante: como volver a artellar a esquerda política en Galicia e á vez reinventar a folla de ruta para a transformación do país. [...VERSIÓN COMPLETA NA WEB DA RdR. WWW.ROLDADEREBELDIA.ORG]

Cales son, pois, os elementos centrais para construír un novo proxecto de esquerdas?

Estes poden ser algúns dos nós gordianos que impidan ou permitan avanzar:

- **Unha estratexia de cambio clara ao servizo da cal estea unha táctica precisa**, e non ao revés. A subalternidade do partido aos movementos sociais ou, dito doutro xeito ,a subordinación da táctica á estratexia.
- **Unha política de alianzas acorde co anterior**. Faise necesario reinventar a folla de ruta da transformación social e, sobre todo, poñer aos partidos de reforma do sistema (socialdemócratas e/ou nacionalistas progresistas) ao servizo dos movementos sociais para trazar unha aposta de cambio. O problema non está en facer alianzas políticas con outras forzas –mesmo que poidan estar inseridas no sistema– o problema é con que niveis se participa á hora de gobernar e as contradicións que esto xenera para poder seguir desenvolvendo unha política crítica co sistema.
- **Un instrumento democrático e plural**. Debera ser unha forza antisistémica pero moi plural e aberta. Nese senso, o nacionalismo político necesario (en termos de defensa da soberanía nacional) non pode ser como ata agora un nacionalismo ideolóxico que curtocircuíte a incorporación de novos sectores de esquerda "laicos" nin que sirva de coartada para crear novos "microespazos" nun país onde os espazos son tan achicados.

A nova esquerda debera ser assembleario e multipolar, pero este frontismo político necesario debe construírse arredor da cidadanía e dos movementos sociais, e non arredor dos partidos políticos con cotas de poder, e indispensables compañeiros de viaxe dun partido vangarda que marca a súa orientación. Se non nos serven os partidos clásicos tampouco nos pode servir unha fronte alternativa na que as partes que a conforman sexan partidos clásicos.

- **Un proxecto revolucionario (non interclasista) pero entendendo que o "suxeito revolucionario" nos inicios do século XXI é plural na súa composición social e cultural –clase obreira, pequenos labreg@s, mocidade transformadora, sociedade civil antisistémica–.** Un dos elementos centrais dunha nova esquerda transformadora é precisamente entender o suxeito revolucionario como un espazo complexo, plural e dinámico, que desprace do centro de gravidade á clase obreira.

Hoxe existen amplos sectores sociais enfrontados coa globalización capitalista, tanto nos seus aspectos sociais coma na defensa de diversas soberanías: ambientais, alimentarias, produtivas, lingüísticas...

- **Unha opción programática que teña como piares a radicalidade democrática, o modelo económico sustentable ao servizo das persoas en harmonía coa natureza (ou o que algúns veñen en chamar decrecemento) e a xustiza social global.** Trátase de elaborar políticas globais de concreción local e políticas locais globalizadoras. E, sobre todo, deben ser propostas de cambio de sistema concretas que non poidan ser asimiladas polo mesmo.

Unha proposta soberanista. No proceso de globalización e internacionalización, mesmo coa desaparición de boa parte das antigas competencias dos estados-nación nados no século XVIII, a proposta non pode ser a independencia tal como se concibía hai medio século. A opción da soberanía no marco de co-soberanías globais é unha aposta avanzada para superar o modelo de estado autonómico actual. Propostas como o federalismo asimétrico ou a confederalidade, e a co-soberanía no marco europeo ou outras nesa dirección son vangardistas e permiten facer política arredor do carácter nacional de Galicia. Un proxecto galego –nacional–, se preferides nacionalista politicamente, que formule a soberanía nacional no marco dun neointernacionalismo –lonxe de construcións idealistas da nación.

- **Un proxecto radical no político pero non no ideolóxico.** A ideoloxía como ben a definía Marx é a supraestrutura subxectiva sobre a que se esconden aqueles que queren manter o status quo –polo tanto, é o máis antitransformador–. Coñecemos (e padecemos) algúns partidos radicais no ideolóxico pero pouco radicais no político. Unha forza moderna que entronque cos movementos sociais e cos novos suxeitos antisistémicos altermundialistas (ecoloxismo, neointernacionalismo, antipatriarcalismo, interculturalismo...) e respectuoso coa súa independencia e co seu carácter estratéxico, que os sitúa como referentes centrais na actuación política diaria. [...VERSIÓN COMPLETA NA WEB DA RdR. WWW.ROLDADEREBELDIA.ORG.]

XEIRA DA IRMANDADE (12:00–14:00 horas)

- **Como crear as canles de comunicación, participación e irmandade entre a esquerda social e a esquerda política?**
- **Cales son as esixencias da cidadanía e dos movementos sociais no eido da súa relación coas organizacións políticas?**

Antón Gómez-Reino (Tone)

A asimétrica composición, que segue a mostrar a RdR como espazo de subalternidade partido(s)/movimento(s) fala da reflexom nom conclusa e insuficientemente autodeterminada, onde as vontades máis creativas da periferia do partido teñem ganhado umha pequena batalla ao gris aparato de gestom da totalitaria maquina de representatividade parlamentar. Com todo, é claro que a estrutura da participación institucional está ferreamente desenhada para vetar as opcións políticas que cuestionem a gobernabilidade capitalista do país. Simplesmente esta pequena fenda de palabra e reflexom, fala-nos da ilusionante virtude da diferenca que se intue nesta RdR.

Porem se algo se podería agradecer, desde os movementos sociais do país nom é a oportunidade de falar (algo que fazemos "sem permiso" quotidianamente) senom o estímulo de pensar, de pensarmo-nos e repensar. De imaginar e debater como actuar ante um interfaz representativo onde xs "sem partido" ou xs "antipartido" devemos gerar conflito e contradicçom.

Desde os movementos é preciso pór en crise as políticas de gestom profesional do público, pero debemos tamén transitar o pensar colectivo sobre as formas de incidir no marco legislativo que demarca o percorrido das nosas reivindicacións.

Difícil aspirar a mudanzas ao traves da política institucional. Porem no exercicio de crear contrapoderes sociais a práctica da socialdemocracia institucional deberíamos abarcar, no seio dos movementos un debate serio, maduro sobre o perigoso e denostado campo da representatividade.

A pesar da potencia de articulación, a reapropiación da política presente na autorganización dos movementos sociais tem aínda eivas evidentes (organizativas, programáticas, deliberativas...). Embora o éxito das políticas de movemento tem levado aos partidos a ofrecer-se como "intermediarios" entre iniciativas sociais autónomas e diversas institucións públicas do país. Porém se os partidos aspiran a ser simples correias de transmisión nom poderan comprender a complexidade das prácticas constituintes dos movementos alternativos. Estas som difícilmente capturáveis desde a verticalidade dos aparatos de partido que operan em búsqueda da hegemonía das víricas iniciativas sociais que em formas (organizativas) e modos (procedimentais) som-lhes antagonistas.

Mas, asumindo que os espaços (redes, colectivos...) e territorios (centros sociais...) autónomos criados polos movementos nom som quem de tumbar un engranagem sistémico capilar capitaneado polo fraude da democracia representativa: existe futuro na participación num sistema de partidos que é a principal canle de ejecuom das políticas públicas?

Numha sociedade no impasse da crise, com elementos de clase em difuminação é preciso apurar estratéxicamente as opcións. Pero, há capacidades, vontades, tempos, necesidades para abrir procesos abaixo/arriba neste sentido? Cabería espazo no ámbito da esquerda de partido onde alimentar procesos deliberativos-organizativos e producir experimentos radicais baseados no respecto e na confianza, nom na vontade de imponher e cooptar? Como dotar de sentido unha representatividade valeira de contido, ausente de significado e significante?

No imaginario están as infinitas políticas constituintes da América (Chiapas, Bolivia, Venezuela). Porem este é outro tempo, outro lugar. Comezar exigindo eliminar das formas partido que se queren de esquerda, as prácticas antidemocráticas da política monolítica (de matriz leninista) que reduce a diversidade como valor, a mediocridade monocromática podería ser um bo passo para comezar a falar.

Manuel Casal Lodeiro

Ben sei que esta non é a xeira que vai tratar sobre o modelo de partido. E que tampouco é a que vai falar das estratexias. Mais a miña proposta abrangue eses aspecto tamén: é unha proposta global. E radical.

Partirei dunhas ideas básicas con respecto ás preguntas que se prantexan como base para este debate:

- 1 A esquerda social e a esquerda política non teñen sentido como entidades separadas. O social é político. Se por esquerda política entendemos partidos políticos de esquerda, estes deben desaparecer como entidades diferenciadas e abandonar a súa faciana de interface no sistema de representación política a prol dun novo tipo de entidade, que hei propoñer.
- 2 A esquerda social non precisa canles de comunicación nin participación política. Precisa canles de decisión política no sentido da Democracia Directa. O novo tipo de entidade que hei propoñer, serviría como canle.
- 3 Non debemos preguntarnos nosoutros cales son as esixencias dos cidadáns nin dos movementos. Tampouco os partidos políticos. Nin tan sequera debemos preguntárllelo directamente a eles. Precisamos un medio para esas esixencias se materializaren directamente, sen preguntas nin intérpretes nin intermediarios, en políticas públicas.

A estas engadirei un dato de contexto:

- 4 O reloxo corre contra nós: non só a esquerda, non só Galiza, senón contra a civilización industrial e o destino da especie humana. Un choque contra os límites físicos do planeta, encabezado polo

denominado Teito da produción mundial de petróleo, segundo as máis fiables prognoses é inminente en termos históricos: talvez unha década se temos sorte. Non podemos perder o tempo en estratexias a longo prazo. É tempo de grandes e atrevidas apostas que se poidan materializar agora mesmo.

A miña proposta:

Unirmos todas as organizacións de esquerda trasformadora do país, incluídos os partidos políticos, para apoiar unha candidatura unitaria ás eleccións municipais de 2011 baseada na Democracia Directa, e caracterizada por:

- Non ter programa político para facer posibles todos os programas; alén dun único punto: posta baixo control cidadán directo dos medios de comunicación públicos.
- Os seus candidatos/as serán cidadáns non vencellados con ningún partido.
- Empregarán tácticas da guerrilla da comunicación para transmitir a súa radical diferenciación coas propostas partidistas.
- Os electos/as desta candidatura transmitirán aos cidadáns todas as cuestións que se vaian votar nos plenos municipais, e solicitarán o seu voto ao respecto, empregando as novas tecnoloxías (Internet, telefonía móvil, e outras) pero non só (oficinas de votación): é dicir, mantendo aberta unha asemblea cidadá permanente e asíncrona. O voto maioritario dos cidadáns así expresado, será transmitido polos electos.
- Os electos desta candidatura presentarán nos plenos as mocións que sexan apoiadas pola maioría dos cidadáns empregando os mesmos medios, mediante unha metodoloxía de presentación, aceptación e votación de propostas por definir, e que comezará na propia campaña electoral (ou mesmo antes): os actos políticos serán actos de recollida de propostas.
- Loxicamente, non establecerá ningunha coalición con ningún outro grupo municipal.
- No caso de gobernar nalgúns concellos, aplicará esta mesma dinámica adaptada para as accións de goberno.
- Os electos aceptarán nesta asemblea os votos de todos os cidadáns do concello sen importar se os elixeron ou non nas eleccións municipais.
- A plataforma técnica para poñer en práctica este sistema de goberno será desenvolta como software libre por unha equipa multidisciplinar que tomará como base experiencias de democracia electrónica xa existentes.
- As votacións serán verificadas por unha comisión independente por definir.

Obxectivos:

- Recuperar a soberanía do pobo: poñer en mans dos cidadáns a resolución dos seus propios problemas.
- Demostrar que a representación dos partidos é obsoleta e innecesaria.
- Demostrar que o sistema representativo non é unha auténtica Democracia.
- Abrir camiño para a replicación do modelo en instancias superiores de goberno.
- Mudar a imaxe da Política entre os cidadáns.
- Superar as barreiras mentais e os teitos electorais vencellados co concepto de esquerda.

Goretti Sanmartín

Precisamos unha cultura da participación na que nos escoitemos

As axendas carecen de espazos de reflexión. Nunca é o momento.

O desencanto máis evidente que producen as formacións políticas clásicas en xeral e as do ámbito nacionalista con que levamos tempo a camiñar e que presentan algunhas especificidades en que agora non imos reparar é a falta de atención ao individual, a aquilo que cada persoa representa e move e ofrece e a desconsideración sobre as minorías, sexan do tipo que foren, o que significa o desenvolvemento de sistemas de actuación en que non caben os matices. O (re)coñecemento desta decepción, paradoxalmente, une tanto persoas con longa e activa militancia como aquelas outras que non quixeron acollerse a este vínculo mais que mantiveron –e manteñen– compromisos permanentes con causas que conflúen coas nosas reivindicacións e que en moitas ocasións foron motores fundamentais do avance de loitas comúns. O esforzo de nos identificarmos cun proxecto esixe fundamentalmente ter en consideración as voces que o representan.

As causas fondas desta sacudida dun escepticismo que non significa, que nunca significou, a renuncia ao combate e á mobilización residen na anulación constante da aposta polas transformacións reais, internas e externas, a longo e a medio prazo, mediante o sistema de adiar sistematicamente estas cuestións e mesmo de as presentar como unha miraxe que nunca poderemos abrazar. A partir de aí, é doado ver como se persegue unicamente a consecución práctica duns obxectivos que, é certo, si se deseñaron previamente, mais en cuxo proceso de construción fomos eliminando todo aquilo que era problemático, que era heteroxéneo, que era diferente, que era susceptible de producir unha mudanza radical para nos acomodarmos a un lapso temporal tan curto e tan dominado polos intereses dos medios de comunicación (aos que continuamos a perpetuar como elementos de conformación ideolóxica a través da reverencia e do prestixio que lles aínda concedemos) que pasadomañá xa temos que volver a realizar a mesma operación.

Todos eses aspectos, en que coexisten cuestións de fondo nunca abordadas con seriedade (como o horario das reunións políticas e, por tanto, a exclusión de tantas persoas que non teñen a opción de seren suxeitos políticos activos) con outras de procedementos viciados detectados unha e outra vez e nunca corrixidas (como a falta dunha participación real e a necesidade de establecer ligazóns fortes entre as bases e as persoas que teñen o deber de levar á práctica aquilo que estas decidiren), foron analizados reiteradamente e postos enriba da mesa dunhas axendas que carecen de espazos de reflexión, pois nunca chega o seu momento, ao se confundir o momento político co debate parlamentario e coas estratexias que puntualmente parece que temos de abordar á hora de nos relacionarmos coa sociedade. Como se non fose máis doado actuar coa guía da sinceridade e non querer aparentar aquilo que non somos. De querermos entrar na vía do politicamente correcto, afirmamos ser "monolingües liberais", porque non queremos ser radicais, non? E cando chega o momento de atender algunhas cuestións puntuais que si suporían camiñar á beira das utopías que defendemos débese á existencia de clamores populares, ou de intereses momentáneos, pois non existen mudanzas fondas sen debates fondos, sen lecturas previas de documentos, de reflexións, de acordos,... Cando con moito atraso asumimos algunha loita (como a feminista) fíxose desde a perspectiva máis superficial, legalista e igualitarista, en que todas as mulleres rematamos por ser idénticas, por cumprirmos o mesmo papel que previamente nos asignaran, pois as transformacións radicais que o feminismo achegara case nin rozaron a pel de tantos e tantos dirixentes.

Para alén disto, a conversión daquelas persoas críticas que poñen a énfase na necesidade de abordar os problemas cruciais de fondo en suxeitos hipercaracterizados como inconformistas remata por estigmatizarnos e por reducir as nosas opinións ao ámbito da informalidade ou da extravagancia. De feito, unha e outra vez dialogamos fóra dos organismos de representación e sentimos unha aceptación moito maior que internamente, mesmo por parte daquelas persoas que están instaladas na necesidade de continuar o camiño coa escasa avaliación que caracteriza determinadas viaxes políticas.

Superficialmente, observamos este fenómeno no paso de nos identificarmos como persoas activas en proxectos propios –individuais e colectivos– a nos sentirmos pezas dunha engrenaxe institucional e/ou institucionalizada en que case sempre existe unha instancia superior que decide por nós. Superficialmente tamén comprobamos este feito na instalación na hipocrísia política en que xulgamos os discursos dos nosos dirixentes só en función de tácticas e de xogos para obter réditos electorais, de tal maneira que aumentamos a confusión e propiciamos a desconsideración da clase política, movida só por intereses particulares e conxunturais.

Quizais, desde esta perspectiva, debamos mudar as autoestradas en que nos instalamos hai tempo, por camiños e corredoiras máis vizosas aínda que máis difíciles de percorrer e máis lentas. Promovermos unha cultura da participación en que nos escoitemos e en que non defendamos o noso polo feito de o ser, senón por representar unha cuestión xusta e eticamente irreprochábel é a mellor das guías posíbeis. Só se quixermos mudar interiormente podemos contribuír a cambios verdadeiramente revolucionarios que derruben tantos muros que, inexplicabelmente, contribuímos a edificar. Avaliar o que fixemos é unha (quizais a única) maneira de avanzar.

Porque os procedementos son a propia política e as nosas sensacións como persoas que acompañan tantas causas importan.

Xosé Maria Garcia Villaverde

Procurarei ser breve e esquemático, lanzar ideas para o debate mais do que elaborar complexas argumentacións.

É o modelo de partido clásico inoperante? Cómpre construírmos ese novo referente suxeito político social? E se así é, de que modelo organizativo debemos dotarnos? É o acceso ás institucións necesario?

Inoperante para que? Qual é a función dos partidos? Servem para algo mais do que para ganhar eleccións e se turnar nos diferentes niveis de goberno?

Para a transformación social, como ferramenta emancipatória e de avance na democracia desde logo o modelo de partido político polo que mais ou menos se regem todos os partidos na actualidade é inútil.

Mesmo para manter o statu quo e limitar-se a gerir o sistema cada vez é menos eficaz.

De ambas afirmacións som mostra a crescente "desafección", imaxe negativa, rexeitamento social, desconfianza, desinterese... que geran partidos políticos e gobernantes em geral.

Cumpra outra esquerda para construír outro sistema.

Para sabermos se é necesario acceder ás institucións primeiro deberemos saber para que queremos acceder ás institucións.

Existe algun partido político que nom abraza hoje com mais ou menos entusiasmo e fé o industrialismo? Existe algun partido político que nom comungue com este sistema (auto)destrutivo baseado num impossível crescimento infinito à base de sobreprodução e sobreconsumo? Existe algun partido político à altura dum repto como a crise ecológica global, unha crise que tamém é civilizacional? Existe algun partido político decidido a avanzar na construción dumha democracia ecológica, participativa e deliberativa?... Até quando vai durar a condena de ter que escolher entre mau e peor, industrialista cruel e industrialista amável? E o nacionalismo que pinta em tudo isto? O industrialismo patriótico é melhor? A destrución ambiental e social, local e global em chave de país é menos má?

Queremos superar este sistema ou administrá-lo? Para o administrar hai que acceder às institucións, é claro. E para o superar? Para o superar o acceso às institucións é apenas unha possibilidade, e nom necesariamente a principal.

Acceder às institucións é suficiente? É mais: é possível acceder às institucións com o objectivo de superar o industrialismo? Sem cidadania forte e autoorganizada nom.

A quem respetam e temem mais os nossos governantes, todos: Às organizacións sociais (mesmo "afins", que as hai) ou aos "poderes fáticos"? Às forzas transformadoras ou aos valedores do statu quo (quando nom da regressom)? Quando os nossos governantes respetem (mesmo temam) mais aos movementos sociais emancipatórios do que ao núcleo duro do sistema, a transformación desde as institucións será possível.

Que modelo de partido pode acceder às institucións com ánimo transformador? Ao melhor, como adiantavamos mais arriba, hai que se fazer outra pergunta antes: que modelo de cidadania fai possível o acceso às institucións dum partido transformador? Umha cidadania forte e autoorganizada cuns valores hegemónicos alternativos aos do sistema é indispensable. Que tipo de organización partidária encaixa com esta cidadania e pode colaborar desde as institucións na necesaria

transformación social e mundial? Pois unha que, primeiro, asuma sinceramente esses valores alternativos e esses obxectivos de transformación e se organize e traballe fiel a eles mas sem perder de vista que nom é unha organización social senom un partido político e, já que logo, deve centrar os seus esforços em acceder às institucións e contribuir todo o possível desde elas à superación do industrialismo.

Para isto nom valem gestores do sistema, partidos-vanguarda nem partidos-movimento:

- cumprem bons gestores, mas gestores da transformación
- se hai vanguarda nalgures é na cidadanía
- partidos e movementos teñem diferentes ritmos, deben ser independentes uns doutros:
 - a submisión dos movementos aos partidos mata à cidadanía e impede a transformación
 - a submisión dos partidos aos movementos dificulta o acceso às institucións

A esquerda transformadora partidária deve ser quem de se organizar à imaxe dos obxectivos emancipatórios que persegue, sem descuidar a eficacia para acceder às institucións e procurando unha acción de goberno de qualidade. Isto é:

- democracia participativa e deliberativa, implicación militante, máxima horizontalidade e autogestom possível, descentralización com programa unitário...
- agilidad e boa estratègia electoral
- formaçom, capacitaçom, rigor, honestidade, honradez...

Como crear as canles de comunicaci3n, participaci3n e irmandade entre a esquerda social e a esquerda pol3tica? Cales son as esixencias da cidadanía e dos movementos sociais no eido da súa relaci3n coas organizaci3ns pol3ticas?

A esquerda social nom é pol3tica? Esquerda social e esquerda partidária ou institucional som igual de pol3ticas, negar-lhe car3ter pol3tico à cidadanía, apropiarse do "pol3tico" desde os partidos e institucións é comezar esta discussom com mal pé.

As organizaç3es sociais nom cumprem de partido-vanguarda nem de comissários pol3ticos, tampouco de paternalismos nem de interlocutores que aparecen ou desaparecen em funçom da necesidade de se fazer unha foto. Os movementos sociais nom som arietes para usar com o fim de chegar ao poder e depois ignorar ou mesmo amordaçar e rebentar desde este. As organizaç3es sociais som unha ferramenta da cidadanía nom dos partidos.

Se a esquerda partidária/institucional nom entende isto pouco se pode fazer.

Os movementos sociais cumprem de gobernantes que os respeitem e que compartam os seus valores e obxectivos, partidos que desde as institucións fagan por superar o industrialismo e avanzar na democracia participativa e deliberativa, que contribuan para construír unha cidadanía forte em lugar de se pôr à defensiva, atuar desde a arrogancia e procurar bloquear a acción de movementos emancipatórios.

Os partidos nom podem pretender ades3es cegas e inquebrantáveis dos movementos sociais, se estes se submetem aos ritmos e intereses partidários o avance nom se dará nunca.

As organizaç3es sociais necesitan respeito, transparência, diálogo sincero entre iguais e pol3ticas de aprofundamento na democracia.

Que mecanismos e acci3es debemos emprender para afondar na creaci3n de masas cr3ticas que esixan un cambio radical do noso modelo de sociedade partindo da realidade galega de hoxe?

A esquerda transformadora deve estar pegada ao local mas ter mirada global, deve elaborar unha análise e discurso à altura dos tempos que correm e os retos atuais: Obreirismo, estatismo, patriotarismo, terceiromundismo, tacticismo,

curtoprazismo, autoritarismo, dogmatismo, sectarismo, extremismo... sobram hai muito tempo, como sobram o grosso dos debates e disputas que hai décadas que se venhem arrastrando:

- Num contexto de crise ecológica global o sujeito revolucionário é potencialmente a humanidade toda, comezando polas persoas mais directamente afectadas pola destruíción ambiental e social junto com aquelas comprometidas ideologicamente com a superación do industrialismo, consideremo-las "clase trabajadora" ou nom. De feito a tam louvada e idealizada suposta clase trabajadora é hoje um piar do sistema, da destruíción causada por este, assi como do mantimento do statu quo
- O Estado nom é a solución a todas as cousas, crear burocracias monstruosas é um problema: a cidadania responsable, a participación, a autogestom, o cooperativismo, a banca ética, a economía social, a pequena produción labrega e artesã... som alternativas democratizadoras á ditadura do mercado
- A construíción nacional é possível sem passar todo o dia com a pátria, o orgulho, a nação, a soberania, a autodeterminación, a independencia... na boca. Galiza construe-se desde a cidadania e desde as institucións, facendo, e pode-se fazer de diferentes modos e com diferentes conseqüências. A esquerda transformadora deve ter como objetivo construir um país digno no que poder (con)viver em paz, ecológicamente sustentável, socialmente justo e cumha cultura viva, e deixar-se de fetiches e disputas estéreis
- Já som horas de assumir que por mui periferia que sejamos fazemos parte dum dos centros do sistema, estamos entre a minoria global privilegiada e é umha indecência falar como se fossemos periferia global/"terceiro mundo"/colónia
- E nom som menos horas de deixar-se de extremismos inmaduros e marginalizantes, umha cousa é ser radical e outra ser fanático, ter um desequilíbrio hormonal ou padecer delírios.

A autoorganización cidadá é cousa da cidadania, sem dirigismo, instrumentalización, paternalismo nem partidismo. O ámbito de actuación dos partidos é o das institucións e desde elas pode-se incentivar ou nom a autoorganización cidadá e o exercicio dumha cidadania responsable, do mesmo modo que se pode incentivar ou nom umha mudançã nos valores hegemónicos. Por desgracia os nossos governantes, todos, semelham preferir umha cidadania morta ou domesticada que limite a sua responsabilidade a assinar um cheque em branco cada quatro anos e seja crítica só com os rivais eleitorais, do mesmo modo que prefere limitar-se a gerir o sistema sem mais pretensões.

A política deve sair da sua reclusom institucional e achegar-se à cidadania, ao mais próximo. A cidadania deve ir apropiando-se da política, responsabilizando-se das decisões com as que construímos/destruímos sociedade e mundo, país e planeta.

Cumpre produción, consumo e participación responsables, cidadania autoorganizada para procurar umha saída emancipatória à crise ecológica, económica, social, sistémica global.

XEIRA DAS MIL VOCES (16:00-18:00 horas)

- **Que mecanismos e accións debemos emprender para afondar na creación de masas críticas que esixan un cambio radical do noso modelo de sociedade partindo da realidade galega de hoxe?**

Manuel M. Barreiro

Novas iniciativas para o autogoberno e o empoderamento cidadán

Heiner Müller, o dramaturgo alemán, retrucáballe a Ortega: non somos nós e as nosas circunstancias, somos nós e as nosas consecuencias. Debemos tomar en serio a súa definición e medirnos coas consecuencias das nosas políticas en relación coa construíción da nosa nación e dunha cidadanía crítica.

Vale de pouco compracerse coa nosa feliz identidade ideolóxica ou lairse das moitas circunstancias que coutan, se non ancoran, o desenvolvemento das nosas alternativas como proxectos para maiorías sociais que non somos quen de callar. Sen quitar importancia á identidade ideolóxica ou as circunstancias que constrinxen as nosas accións, é tempo de conceder maior atención ás consecuencias reais das nosas políticas e intervencións sociais e institucionais.

Dáse por entendido que as consecuencias das nosas accións deberían ser crear auténticos nodos de autogoberno cidadá para mudar de xeito igualitaria e solidario a vida, construír Galiza como unha nación soberana e procurar un futuro mellor para a humanidade.

Con esta perspectiva entendo que nos cómpre facer unha lectura (auto)crítica en clave *consecuencialista* de 2 capítulos:

- 1 A nosa capacidade para activar novos procesos políticos e formas innovadoras de implicación e mobilización cidadá.
- 2 A nosa capacidade para ampliar a audiencia da nosa conversa política alén dos cidadáns críticos, des-conformes ou disidentes.

Procesos de empoderamento cidadá

Temos que concederlle máis importancia dos procesos fronte á relevancia que lle outorgamos normalmente ás (infra)estruturas da política (partidos, institucións...) e ás súas rutinas. A consecuencia das nosas accións debería ser o pulo de novos procesos de política colaborativa en rede (e na rede) para construír relatos útiles ás políticas transformadoras –útiles porque xeran novos coñecementos e aprendizaxes cos que discutirmos o discurso interpretativo dominante– e favorecer unha nova estratexia de comunicación dos nosos propósitos e un novo marco de implicación da cidadanía en organizacións máis «líquidas», menos monolíticas, transversais mesmo ás marcas partidarias. Trátase logo de repensar o noso repertorio de recursos e accións para facer política cos cidadáns e as cidadás e non só para representalos. A aspiración é incentivar novos procesos políticos que teñan como consecuencia un auténtico empoderamento cidadán e a constitución de redes sociais para o cambio político en Galiza.

Políticas para os cidadáns do común

Con outro propósito diferente, Alastair Campbell, asesor de Blair, sinalaba: «Sempre hai que pensar nese elector que coida aos seus fillos, traballa, viaxa un pouco e se interesa de cando en vez, sen máis, pola política. Como facer que ese elector escoite, oía e comprenda? Esa é a cuestión estratéxica.» Procurar un novo diálogo político coa cidadanía (maioritariamente) existente, cos auténticos cidadáns e cidadás do común debería outro capítulo fundamental da nosa acción.

Trátase de activar un diálogo que atendá as necesidades e esixencias cidadás como condición para crear novas necesidades políticas máis radicais. Un diálogo non só para a expresión (reivindicativa) de novas necesidades senón tamén para o goberno das existentes. É unha conversa para sumar máis cidadáns ao redor de espazos e preocupacións políticas cotiás. Espazos para a protesta e a proposta, mais tamén para o goberno das propostas cidadáns.

Mónica Alzate

O Foro Galego de Inmigración: un modelo de organización colectiva para a transformación social e política

Dende hai case 8 anos, un grupo de asociacións de persoas migrantes, xunto con representantes de entidades, sindicatos e partidos políticos deron pulo á creación dun Foro cuxo obxectivo principal é conseguir un cambio da política migratoria galega e estatal.

Entendendo que a lexislación actual mantén serias desigualdades sociais por mor da procedencia das persoas ou da súa situación administrativa (regular - irregular), emprendeuse un traballo conxunto que pretende artellar diversos eidos da vida cidadá. Os principais son:

- a) O fortalecemento do tecido asociativo migrante e a súa relación coa sociedade organizada das vilas galegas para potenciar o seu empoderamento e mobilización na rúa.

- b) O acercamento da realidade migratoria á cidadanía en xeral.
- c) O achegamento de propostas aos responsables políticos galegos e a participación activa nos diferentes consellos de migración, local e autonómico, e dicir, o uso de estratexias formais de mobilización.

Có fortalecemento de tecido asociativo mellorase a identidade como inmigrantes e a nosa pertenza a un grupo que aínda que sexa minoritario, é un grupo que contribúe a vida da cidade, un grupo de homes e mulleres que con seu traballo aporta ao crecemento económico e cultural e da sociedade galega.

Coa sensibilización da sociedade búscase cas barreiras sociais para as persoas migrantes sexan cada vez mais permeables e que permitan ese tecido social galego heteroxéneo e enriquecido, que todas e todos queremos. Nembargante esa diversidade social é limitada por unha lexislación estatal que non contempla a realidade galega.

Có achegamento aos responsables políticos poñemos neles as demandas por unha sociedade que recoñeza as persoas migrantes como cidadás e cidadáns de pleno dereito

Dende as teorías clásicas da mobilización estaríamos diante de tres elementos fundamentais, a identidade, a percepción social de inxustiza e a eficacia das reivindicacións. Tres elementos que permiten que o colectivo migrante tome forma e mobilice a súa masa de cara á transformación das políticas actuais.

O Foro Galego de inmigración pretende facer explícita a necesidade de que o cambio social é posible, e faillo a través de cuestiona-la presunta lexitimidade dunha realidade externa que é desfavorable para o colectivo inmigrante. Isto abre a posibilidade de que o colectivo pregunte polas razóns da súa situación e que deste xeito a identidade colectiva migrante asuma que a realidade pode ser desafiada para atopar alternativas que melloren a vida do grupo. Unha vida que non é allea á sociedade galega e ten que ser construída da súa man.

Calquera mobilización social supón un compromiso público cunhas posicións que en algúns casos poden ser socialmente moi controvertidas, e poden xurdir tensións e enfrontamentos con outras persoas, con autoridades, etc. a mobilización social non é un tema banal, esixe unha forte implicación cos seus co-participes e asumir dificultades de distinto nivel, pero ese é o noso reto de cara a transformación social.

Xoán Carlos Carreira

Cal é o proxecto político, social e organizativo do nacionalismo, hoxe?

O nacionalismo hoxe non resposta axeitadamente ás necesidades e aspiracións da sociedade galega. Elo xera desconcerto e a busca dunha causa que mais dunha persoa cree atopala no inimigo interno.

Existe a opinión xeneralizada de que o nacionalismo "anda mal" porque hai unha forte división interna. Estou en desacordo con esa opinión, non tanto porque non vexa a división interna, senón porque entendo que ese é o síntoma e non a causa do problema. A causa real, ao meu entender, é que o nacionalismo hoxe non resposta axeitadamente ás necesidades e aspiracións da sociedade galega. Elo xera desconcerto e a busca dunha causa que mais dunha persoa cree atopala no inimigo interno.

Inda que pareza unha evidencia, o nacionalismo necesita un proxecto político que recolla tres aspectos:

- 1 Os obxectivos que se pretenden acadar
- 2 Un programa estratéxico que concrete estes obxectivos no medio-longo prazo.
- 3 As propostas a corto prazo para avanzar cara este obxectivos, traducidas nos sucesivos programas electorais.

Desde o meu punto de vista as principais carencias están nos dous primeiros apartados. O nacionalismo ten definido os seus obxectivos de forma difusa e ademais carece de nada mais concreto que non sexan ... programas electorais.

Elo permitiunos evitar o debate ate o momento e manter a "unidade" porque estando de acordo nos obxectivos (moito mais se son difusos e interpretábeis), as discrepancias coas propostas electorais resolvémolas tranquilamente pensando que non son mais que iso, propostas das Comisións Electorais que dentro de catro anos xa se poderán cambiar ou que se vai poder avanzar ao marxe ou por riba delas en base a interpretación que cadaquén fai dos obxectivos.

Esta situación fai que sega sendo habitual (a pesares do que se ten corrixido ultimamente) facer programas de "planos" (sen definir nin concretar medidas) e gobernar facendo "instancias" a outras Administracións. [...VERSIÓN COMPLETA NA WEB DA RdR. WWW.ROLDADEREBELDIA.ORG.]

Luísa Ocampo

ESQUEMA

- Contextualizaçom histórica das relaçons entre nacionalismo e movemento feminista.
- Definir que entendemos por feminismo.
- Asunçom do antipatriarcado polo nacionalismo hoje na Galiza?
- Consideraçom das organizaçons feministas?
- Aportaçons do feminismo na construçom da cidadanía.
- Apontamentos para melhorar a situaçom.

A INTERNACIONAL

En pé os escravos da terra,
en pé os que non teñen pan;
a nosa razón forte berra,
o triunfo chega en volcán.

Crebemos o xugo do pasado,
pobo de servos, ergue xa,
que o mundo vai ser transformado
e unha orde nova vai reinar.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional.


Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional.

Non hai salvadores supremos,
nin rei, nin tribuno, nin deus,
temos que salvarnos nós mesmos,
o Pobo Traballador.

Para que nos devolvan o roubado,
para derrubar esta prisión,
batamos no lume sagrado,
ferreiros dun mundo mellor.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional.



Rolda de rebeldía



www.roloderebeldia.org

AS IDEAS E A PALABRA

É o modelo de partido clásico inoperante?

Como debe ser a relación entre a esquerda social e a esquerda política?

Como crear masas críticas partindo da realidade galega de hoxe?

SÁBADO 30 XAN. 010 / A PARTIR DAS 9:00 / HOTEL
COMPOSTELA (PRAZA DE GALIZA) / SANTIAGO D.C.